



(/media/k2/items/cache/209ef5fa7096b4e6423fdf9afc56b93d_XL.jpg?t=-62169984

O Porriño súmase a 'Musiqueando'

Tamaño da letra

Preto dun cento de estudiantes amosaron que #nosimportalamúsica , interpretando numerosas pezas na Praza do Cristo, onde fixeron tamén unha exhibición de danza moderna

Alumnas e alumnos do CPI da Ribeira, e dos IES Pino Manso e Ribeira do Louro, sumáronse este xoves, día 27 de abril, a máis de 20.000 rapazas e rapaces que celebraron en toda España unha nova edición de 'Musiqueando', facendo música na rúa.

Preto dun cento de estudiantes amosaron que #nosimportalamúsica, interpretando na Praza do Cristo, en pleno centro do Porriño, 'O Son do ar', de Luar na lubre, 'O Danubio azul', de Johann Strauss, a canción tradicional inglesa 'Scarborough's Fair', 'The Harmonious Blacksmith' de Haendel, 'Fuga xeográfica' de Ernst

Toch, 'Matriarcas' de Guadi Galego, 'The scientist', de Coldplay, 'Wonderwall', de Oasis, 'Danza de bastóns', de Francia, a 'Danza das fitas', de Galicia, o 'Canon das froitas' e mesmo fixeron unha exhibición de danza moderna.

'Musiqueando', impulsado pola Confederación de Asociacións de Educación Musical (COAEM), ten coma obxectivo que un día ao ano sirva para sensibilizar da importancia que ten a música na vida e na educación, coma se pon de manifesto no enlace <http://musiqueando2017.weebly.com> (<http://musiqueando2017.weebly.com/>) no que se fai unha descripción dos obxectivos deste 27 de abril.

